Acta da sesión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, do día 27 de xuño de 2024

[PLG/MCVR]

Na sala de comisións "Concepción Arenal" do pazo Parlamento de Galicia reúnese a **Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego,** o día **27 de xuño de 2024, ás 10:30 horas,** logo da convocatoria remitida para o efecto.

Asisten as persoas que se relacionan a seguir:

Mesa:
Noelia Pérez López
(Presidenta)
Ethel María Vázquez Mourelle
(Vicepresidenta)
Iria Carreira Pazos
(Secretaria)

Vogais:
Grupo Parlamentario Popular de Galicia (P):
María Encarnación Amigo Díaz
Raquel Arias Rodríguez
Victor Manuel Baladrón Lamas
Nicole Grueira Fernández
María Dolores Hermelo Piñeiro
Argimiro Marnotes Fernández
Cecilia Vázquez Suárez
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego (BNG):
Ariadna Fernández González
María Montserrat Prado Cores
Olalla Rodil Fernández
Iago Suárez Fernández
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia (S):
María Elena Espinosa Mangana
Silvia Longueira Castro
Grupo Parlamentario Mixto (M):
Armando Ojea Bouzo
Preguntante:
Paulo Ríos Santomé (BNG)

Comparecentes:
Xerente do Servizo Galego de Saúde-Sergas
Secretaria xeral técnica da Consellería de Política Social e Igualdade
Secretario xeral de Emprego e Relacións Laborais
Director xeral de Asistencia Sanitaria
Secretaria xeral técnica da Consellería de Sanidade
Directora xeral de Promoción da Igualdade

Letrada:
Purificación López Gómez

.../...

PARLAMENTO DE GALICIA

A señora presidenta abre a sesión e rógalle á señora secretaria que lle dea lectura á relación de membros titulares da Comisión para os efectos de comprobar a existencia de quórum de constitución e as substitucións pertinentes.

Logo da constatación deste a Presidencia somete a consideración da Comisión unha alteración da orde do día, consistente na inclusión dun Punto preliminar para proceder á elección da vicepresidencia desta Comisión, ao amparo do artigo 73.2 e 3 do Regulamento, por mor da vacante causada pola baixa na adscrición a esta Comisión do deputado Roberto Rodríguez Martínez (P) (escrito documento núm. 6150, tomado en consideración pola Mesa da Cámara o pasado día 24 de xuño).

Non se manifestan obxeccións, polo que se entende aprobada por asentimento a devandita proposta.

Punto preliminar. Elección da Vicepresidencia da Comisión (artigos 41 e 36 do Regulamento da Cámara)
(12/CEEM-000023)

A señora presidenta informa que, de conformidade co preceptuado nos artigos 4, 37 e 36 do Regulamento do Parlamento de Galicia, procédese á elección da vicepresidenta/e desta Comisión mediante papeletas, tralo chamamento nominal por orde alfabética do primeiro apelido das deputadas/os pola secretaria.

Así mesmo, lémbralles que, conforme ao artigo 36 do RPG, deberán escribir un só nome na papeleta e resultará elixida/o quen obteña maior número de votos. Considerarase voto en branco aquela papeleta na que non conste ningún nome e considerarase voto nulo toda papeleta que conteña máis dun nome, algún risco ou sinal.

Por conseguinte, ao estar distribuídas as papeletas correspondentes polos Servizos da Cámara, solicita da secretaria da Comisión que inicie o chamamento das deputadas/os. Unha vez rematada a votación o resultado do escrutinio é o que se reflicte a seguir:

Ethel María Vázquez Mourelle (P)	9 votos
En branco	8 votos
Total de votos emitidos	17 votos

En consecuencia, resulta elixida **vicepresidenta** da Comisión 5ª., Sanidade, Política Social e Emprego, **Ethel María Vázquez Mourelle, do G.P. Popular de Galicia**, que pasa a ocupar neste intre o seu posto na Mesa da Comisión.

Deseguido a Presidencia, e previa comunicación aos portavoces dos grupos parlamentarios, dá conta dunha alteración no debate das iniciativas que conforman a orde do día desta sesión, o que con leva á súa substanciación por este orde:

PARLAMENTO DE GALICIA

- 1 a pregunta 1.6, doc. núm. 5484.
- 2 a pregunta 1.2, doc. núm. 3355.
- 3 a pregunta 1.3, doc. núm. 3478
- 4 a pregunta 1.1, doc. núm. 1892
- 5 a pregunta 1.5, doc. núm. 4203
- 6 a pregunta 1.4, doc. núm. 3616
- 7 a pregunta 1.7, doc. núm. 5562

Xa que logo, en primeiro lugar procédese ao trámite da pregunta doc. núm. 5484 (1.6)

Punto único. Preguntas:

1.6 5484 (12/POC-000769)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Arias Rodríguez, Raquel e 8 máis
Sobre a acción política da Xunta de Galicia en materia de promoción da igualdade
Publicación iniciativa vía urxencia, BOPG n.º 37f2, do 12.06.2024

A Presidencia concédelle a palabra á **señora Arias Rodríguez (P)**, que procede á defensa da iniciativa ampliando os argumentos que da mesma se expoñen por escrito e que aparecen publicados no BOPG anteriormente subliñado.

En representación da Xunta de Galicia, contéstalle a **señora directora xeral de Promoción da Igualdade (Consellería de Política Social e Igualdade) María Quintana Pérez**.

En rolda de réplica a **señora Arias Rodríguez (P),** agradece a información aportada pola señora directora xeral, sobre a que expón novas consideracións.

Pecha o debate desta iniciativa a **señora directora xeral de Promoción da Igualdade, María Quintana Pérez**, ampliando a información aportada na súa anterior intervención.

A Presidencia agradece a presenza da señora Quintana Pérez nesta sesión da Comisión e desculpa a súa ausencia dado que non ten máis preguntas ás que teña que dar resposta.

1.2 3355 (12/POC-000511)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Longueira Castro, Silvia e 2 máis
Sobre as recomendacións do Valedor do Pobo dirixidas á Consellería de Política Social e Xuventude referidas a recoñecementos de plans individuais de atención (PIA) que non se chegan a materializar e o estado das tramitacións e adxudicacións en materia de discapacidade
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 25f2, do 16.05.2024

PARLAMENTO DE GALICIA

A Presidencia concédelle a palabra á **señora Longueira Castro (S),** quen procede á defensa e formulación da súa iniciativa ampliando os argumentos amosados por escrito e publicados no Boletín Oficial do Parlamento.

Pasa a contestar esta pregunta, en nome da Xunta de Galicia, a **señora secretaria xeral técnica da Consellería de Política Social e Igualdade, María Francisca Gómez Santos.**

Ao longo da anterior intervención a señora presidenta abandona o seu posto na Mesa da Comisión, en cumprimento do disposto no artigo 82 do Regulamento do Parlamento de Galicia, pasando a ocupar a Presidencia a señora vicepresidenta.

En rolda de réplica, a **señora Longueira Castro (S),** agradece a información aportada pola señora secretaria xeral, aínda que non lle parece unha resposta válida por parte dunha técnica.

Pecha o debate desta iniciativa a **señora secretaria xeral técnica da Consellería de Política Social e Igualdade, María Francisca Gómez Santos**, matizando as verbas da señora preguntante e ampliando a información aportada na súa anterior intervención

A Presidencia agradece a presenza da señora Gómez Santos nesta sesión da Comisión e desculpa a súa ausencia dado que non ten máis preguntas ás que teña que dar resposta.

1.3 3478 (12/POC-000533)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Pérez López, Noelia e 7 máis
Sobre o balance dos resultados e da acollida que tivo a Rede de polos de emprendemento posta en marcha pola Xunta de Galicia
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 25f2, do 16.05.2024

Intervén a **señora López Pérez (P)**, para expoñer os motivos nos que se basea a formulación das cuestións que figuran na iniciativa, ampliando os que se conteñen na súa publicación no BOPG anteriormente subliñado.

En representación da Xunta de Galicia, contéstalle o **señor director xeral de Emprego e Relacións Laborais (Consellería de Emprego, Comercio e Emigración), Pablo Fernández López**.

En rolda de réplica, a **señora López Pérez (P),** agradece a rigorosidade da resposta e amosa o seu recoñecemento ao labor que están a realizar e anímaos a seguir nesa liña de traballo.

Péchase o debate desta iniciativa cunha nova intervención do **señor director xeral de Emprego e Relacións Laborais, don Pablo Fernández López,** agradecendo o

PARLAMENTO DE GALICIA

recoñecemento da señora deputada.

A señora presidenta en funcións agradece a presenza do señor director xeral nesta sesión da Comisión e desculpa a súa ausencia da mesma xa que non ten mais preguntas ás que teña que dar resposta.

1.1 1892 (12/POC-000308)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Ríos Santomé, Paulo e Prado Cores, María Montserrat
Sobre a situación do servizo de transporte sanitario urxente en Moaña e as previsións que ten a Xunta de Galicia en relación coa súa mellora
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 17f2, do 25.04.2024

O **señor Ríos Santomé (BNG)**, expón os motivos da presentación desta iniciativa expresándose en termos semellantes aos que aparecen publicados no Boletín Oficial do Parlamento.

Para a súa resposta intervén por parte da Xunta de Galicia o **señor xerente do Servizo Galego de Saúde-Sergas (Consellería de Sanidade) José Ramón Parada Jorgal.**

En rolda de réplica o **señor Ríos Santomé (BNG),** manifesta a súa inquedanza ante a información facilitada, pois considera que contestou a cuestións sen relación coa iniciativa, polo que incide nas preguntas xa expostas.

O **señor xerente do Servizo Galego de Saúde-Sergas, José Ramón Parada Jorgal,** pecha o debate desta iniciativa rebatendo moitas das afirmacións realizadas polo señor deputado e ampliando a información sobre algunhas cuestións concretas.

A Presidencia agradece a presenza do señor Parada Jorgal nesta sesión da Comisión e desculpa a súa ausencia se desexa retirarse da mesma para atender outras obrigas.

1.5 4203 (12/POC-000841)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e 4 máis
Sobre o grao de cumprimento da empresa concesionaria do servizo de helicópteros de emerxencias extrahospitalarias do 061 en canto ás prestacións establecidas no contrato

A **señora Prado Cores (BNG)**, dá conta das razóns que levaron ao seu grupo á formulación desta iniciativa, expresándose en termos semellantes aos que aparecen publicadas no BOPG anteriormente subliñado.

Pasa a dar resposta a esta pregunta, en nome da Xunta de Galicia, a **señora secretaria xeral técnica da Consellería de Sanidade, Natalia Lobato Mosquera.**

En rolda de réplica a **señora Prado Cores (BNG),** manifesta o seu desacordo e

PARLAMENTO DE GALICIA

inquedanza ante a información facilitada e expón diferentes consideracións a respecto dela.

A **señora secretaria xeral técnica da Consellería de Sanidade, Natalia Lobato Mosquera,** pecha o debate desta iniciativa, puntualizando os datos amosados na súa anterior intervención.

A Presidencia agradece a presenza da señora Lobato Mosquera nesta sesión da Comisión e desculpa a súa ausencia, dado que non ten máis preguntas ás que lle dar resposta.

1.4 3616 (12/POC-000548)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Espinosa Mangana, María Elena e Longueira Castro, Silvia
Sobre as razóns da permanencia da administración xeneralizada de Sintrom, en lugar doutras alternativas, en todas as patoloxías e persoas que necesitan anticoagulación oral
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 25f2, do 16.05.2024

Intervén a **señora Espinosa Mangana (S),** para expoñer as razóns nas que se basean as cuestións que figuran na súa iniciativa e que aparecen publicadas no BOPG anteriormente citado.

Para a súa resposta intervén por parte da Xunta de Galicia o **señor director xeral de Asistencia Sanitaria (Consellería de Sanidade) Alfredo José Silva Tojo.**

Na rolda de réplica a **señora Espinosa Mangana (S)**, manifesta diversas consideracións discrepantes coa información aportada polo señor director xeral e reitérase nalgunhas cuestións xa expostas.

Péchase o debate desta pregunta cunha nova intervención da **señor director xeral de Asistencia Sanitaria, Alfredo José Silva Tojo,** que reitera e amplía o manifestado na súa anterior intervención.

A señora Pérez López incorpórase ao seu posto na Mesa da Comisión.

1.7 5562 (12/POC-000782)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e 5 máis
Sobre o establecemento das garantías necesarias para exercer o dereito ao aborto nos centros sanitarios públicos de Lugo e, polo tanto, sen necesidade de desprazamentos a outras cidades de Galicia
Publicación iniciativa vía urxencia, BOPG n.º 37f2, do 12.06.2024

A **señora Rodil Fernández (BNG)**, dá conta das razóns que a levaron a formulación desta iniciativa, ampliando os argumentos que da mesma se expoñen por escrito e que

PARLAMENTO DE GALICIA

aparecen publicados no Boletín Oficial do Parlamento.

En representación da Xunta de Galicia contéstalle o **señor director xeral de Asistencia Sanitaria (Consellería de Sanidade) Alfredo José Silva Tojo.**

En rolda de réplica a **señora Rodil Fernández (BNG),** amósase moi crítica coa intervención do señor Silva Tojo e solicita maior concreción nalgunhas cuestións expostas na súa anterior intervención.

O **señor director xeral de Asistencia Sanitaria, Alfredo José Silva Tojo,** pecha o debate desta iniciativa puntualizando os datos amosados na súa resposta e ampliando a información sobre algunhas cuestións concretas ás que fixo referencia a señora deputada na súa intervención inmediatamente anterior.

A Presidencia agradece a presenza do señor Silva Tojo nesta sesión da Comisión e desculpa a súa ausencia se desexa retirarse, xa que non ten mais preguntas ás que teña que dar resposta.

Non habendo máis asuntos que tratar, a Presidencia agradece a todos o seu traballo e levanta a sesión.

Remata a sesión ás 13:45 horas.

Noelia Pérez López

Firmado digitalmente por Noelia Pérez López
Nombre de reconocimiento (DN): cn=Noelia Pérez López, email=noelia.perez.lopez@parlamentodegalicia.es
Fecha: 2024.10.01 11:14:27 +02'00'

V. e pr.
Noelia Pérez López
Presidenta da Comisión

Iria Carreira Pazos

Firmado digitalmente por Iria Carreira Pazos
Fecha: 2024.10.01 10:32:44 +02'00'

Iria Carreira Pazos
Secretaria da Comisión